

INSCRICIÓN NA XORNADA

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou realizando a inscrición a través da sede electrónica: sede.copgalicia.gal.

Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A Xornada terán un mínimo de asistentes, tendo preferencia os/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde e da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número suficiente de inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da Xornada.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe de demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e o informe de periodos de inscrición. Para as tarifas de estudante achegarase copia da matriculación no curso actual. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 9 de outubro de 2024.

ORGANIZA:

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 - baixo
15706 Santiago de Compostela
T. 981 534 049
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA



“FACENDO ENCONTRO, TECENDO REDE”

I Xornada de Traballo das Seccións
de Psicoloxía e Saúde e Psicoloxía
Educativa

19 de outubro de 2024
Facultade de Psicoloxía da Universidade
de Santiago de Compostela

EN TRÁMITE A SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN COMO
ACTIVIDADE DE FORMACIÓN CONTINUADA DO SISTEMA
NACIONAL DE SALUD

PROGRAMA

9:30 Acollida

9:45 Apertura da Xornada

10:00 - 12:00 **Mesa 1 “O enredo: unha ollada á realidade”.**

Coord. Paula Marcos Carregal (Psicóloga Clínica. Vicepresidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG).

Fernando Carrasco Mera. Docente/Orientador e na actualidade Inspector de Educación.

Mariano Carrero Moure. Psicólogo Clínico. Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera - Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.

Chis Oliveira Malvar. Catedrática de Filosofía e Doutora en Educación Sexual.

11:30 - 12:00 **Descanso.**

12:30 - 14:00 **Mesa 2 “Escola e clínica: asentando redes”.**

Coord. Manuela del Palacio García (Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG. Orientadora IES).

Betina Rosana Repesas Vázquez. Orientadora do Equipo de Orientación Específica de Pontevedra.

Melania Beceiro Rico. Psicóloga Clínica na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Terapeuta Familiar.

16:30 - 18:30 **Mesa 3 “Tecendo rede. Á procura dun outro encontro”.**

Coord. Jose Berdullas Barreiro (Psicólogo Clínico. Vogal da Xunta de Goberno do COPG).

Juan Pedro Martínez Ramón. Vogal da Xunta Directiva da División de Psicoloxía Educativa e da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de la Región de Murcia. Profesor da Universidad de Murcia. (Online).

Luz Fernández García. Mestre e Orientadora no colexio Martín Códax. Psicóloga-psicanalista, membro da Escuela Lacaniana de Psicoanálisis del Campo Freudiano e da Asociación Mundial de Psicoanálisis.

18:30 - 18:45 **Conclusións e peche da Xornada.**

Begoña Castro Iglesias. Psicóloga Educativa/Orientadora e Vogal da Xunta de Goberno do COPG.

COTAS DE INSCRIPCIÓN NA XORNADA

| | |
|--|----------|
| -Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde e da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG | 25,00€ |
| -Psicólogas/os colexiadas/os | 50,00€ |
| -Estudantes de Psicoloxía e Psicólogos/as colexiados/as desempregados/os | 25,00 € |
| -Psicólogos/as non colexiados/as | 100,00 € |

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Nome e apelidos

Nº de colexiación DNI

Tfno.

E-mail

Enderezo.....

Profesión.....

Centro de traballo.....

ESCOLLE O QUE CORRESPONDA

MEMBRO DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG
MEMBRO DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA DO COPG
PSICÓLOGO/A COLEXIADO/A
PSICÓLOGOS/AS COLEXIADOS/AS DESEMPREGADOS/AS
PSICÓLOGO/A NON COLEXIADO/A
ESTUDANTE DE PSICOLOXÍA

MODALIDADE PRESENCIAL

MODALIDADE ONLINE

SOLICITO FACTURA (ACHEGAR DATOS FISCAIS)

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio (No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro)

**XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA BANCARIA SABADELL,
IBAN ES02 0081 0499 6500 0227 8629**